

## EVANXEO

+ Lectura do santo Evanxeo segundo Mateo 7, 7-12

Naquel tempo, díxolles Xesús ós seus discípulos:

– «Pedide e recibiredes; buscade, e atoparedes; petade, e abrirásevos. Pois quen pide, recibe; quen busca, atopa; e a quen peta, abriráselle.

¿Ou é que alguén de vós, se o seu fillo lle pide pan, lle dá quizais unha pedra? Ou se lle pide un peixe, ¿dálle quizais unha cobra? Pois se vós, que sodes ruíns, sabedes dar cousas boas ós vosos fillos, ¿canto máis o Pai voso, que está nos ceos, dará cousas boas ós que llas pidan?

Así que tratade á xente en todo conforme queredes que vos traten a vós, porque esta é a Lei e mais os Profetas.»